

PROGRAMA DE CONTROL



PROGRAMA DE CONTROL DE PATACA DE GALICIA

MODIFICACIONES RESPECTO Á EDICIÓN ANTERIOR

Punto 4.2.1.- AUDITORIA INICIAL

Punto 9.- FORMATOS.

Elaborado polo Director Técnico	Revisado y aprobado por el presidente

PROGRAMA DE CONTROL



ÍNDICE:

1.- OBXECTO

2.- ALCANCE.

3.- REFERENCIAS

4.- DESENVOLVEMENTO

4.1.- CONTROL SOBRE AS PLANTACIÓNS.

4.2.- CONTROL SOBRE ALMACENS E PLANTAS ENVASADORAS.

4.3.- CONTROL EN PUNTO DE VENTA.

9.- FORMATOS.

PROGRAMA DE CONTROL



1.-OBXECTO

O obxecto de este documento é establecer os puntos de control para os distintos tipos de operadores amparados baixo a Indicación Xeográfica Protexida "Pataca de Galicia": produtores e almacéns e plantas envasadoras e en punto de venta.

2.- ALCANCE.

Este Programa de Control é de aplicación a todo o proceso de certificación da I.X.P. PATACA DE GALICIA e aos distintos tipos de operadores inscritos nos rexistros da IXP.

3.- REFERENCIAS.

- Manual de Calidade do CONSELLO REGULADOR.
- Regulamento da I.X.P. PATACA DE GALICIA e prego de condicións.
- Calquera outro acordo que decida o Pleno do Consello .
- Procedemento para a Xestión da Certificación . POC-04.
- Instrucción Técnica de Inspección e Recollida de Mostras. IT-01.

4.- DESENVOLVEMENTO

4.1.- CONTROL SOBRE AS PLANTACIÓNS.

O rexistro das plantacións tense que **renovar cada 4 anos**, para o cal teñen a súa disposición nas oficinas do Consello Regulador e na súa páxina Web o formato: Solicitud de inscrición/renovación no Rexistro de Plantacións (FPOC-04/01). O Dito formato tamén se poderá usar ao inicio da campaña, cando teñan que actualizarse ou modificar algunha das parcelas rexistradas.

PROGRAMA DE CONTROL



4.1.1. AUDITORÍA INICIAL

Trala solicitude de inscrición, iníciáanse os trámites para a realización da Auditoría inicial, de carácter documental.

Dende a oficina, técnico do Órgano de Control do CONSELLO REGULADOR revisa a documentación facilitada polo operador para comprobar si está completa, e maila veracidade dos seus datos,:

Realizarase tamén a revisión de cada unha das parcela inscritas, comprobando a veracidade dos datos en canto a:

- localización das parcelas
- superficie das parcelas
- Aptitude das parcelas, que se realizará documentalmete cos datos do SIXPAC (Datos da Consellería competente en materia de agricultura), no caso de dúbidas o técnico desprazarase á parcela para realizar as comprobacións in situ.

O resultado das comprobacións documentais recollerase no Informe de Auditoría inicial de Plantacións e remitirase ao operador para que corrixa, si procede, as desviacións atopadas.

4.1.2. AUDITORÍA DE SEGUIMIENTO

Ao inicio de cada campaña os titulares das plantacións presentarán ao CONSELLO REGULADOR unha Declaración da semente realizada.

Na declaración recóllense os datos persoais, o número de parcelas que vai a sementar con patata susceptible de ser amparada baixo a Indicación Xeográfica Protexida, co

PROGRAMA DE CONTROL



seu nome, superficie e cantidade de semente empregada, denominación da parcela e referencia catastral, lugar, e concello, indicando si se trata de semente certificada ou de reemprego da propia explotación.

Os documentos que deben acompañar á declaración son os seguintes:

- ❑ Modelo de declaración cumprimentado FPOC-04/07, onde se sinala a documentación complementaria presentada polo declarante e a que lle entrega o Consello Regulador a él, asinado polo interesado e mais polo Técnico.
- ❑ Fotocopias das facturas da semente, si procede
- ❑ Etiquetas da semente certificada, si procede.

Realízanse as pertinentes comprobacións documentáis previa as visitas de campo, para cada parcela declarada:

- localización das parcelas
- superficie y cantidade de patata sembrada da variedade kennebec

Con esta información, o DT selecciona o número los operadores a auditar. Con carácter anual, faise unha auditoría de seguimento a un mínimo do 25% dos inscritos no rexistro de Plantacións. E con todos os controis realizados o longo do ano faise o informe de auditoría de plantacións.

Realizaranse como mínimo dúas visitas de auditoría durante a campaña:

- Visita trala semente, os aspectos a comprobar nestas auditorías son:
 - ⇒ localización das parcelas
 - ⇒ superficie e cantidade de patata sementada da variedade kennebec

PROGRAMA DE CONTROL



- ⇒ prácticas de cultivo
 - ⇒ estado vexetativo dos cultivos, marco de plantación, etc.
 - ⇒ comprobación do estado sanitario da plantación,
 - ⇒ outros datos que o CONSELLO REGULADOR considere de interés
 - ⇒ Nestas auditorías poderá realizarse unha toma de mostra
- Visita trala colleita, para realizar unha comprobación documental, verificando que os libros están adecuadamente cubertos cos tratamentos dados a cada unha das parcelas.
- Polo que se realizarán un mínimo de 2 visitas de comprobación a cada operador das seleccionadas ese ano.
- Visitas aleatorias: o Auditor pode realizar as visitas complementarias que estime oportunas para verificar o cumprimento dos requisitos do regulamento da IXP Patata de Galicia, durante todo o ciclo productivo.

Recóllese como mínimo una mostra por agricultor, dos que se lle fai a auditoría durante ese período. A recollida de mostras levarase a cabo conforme a Instrucción Técnica de Recollida de Mostras (IT-01).

Todas as mostras serán identificadas con un código alfanumérico correlativo anónimo, da seguinte maneira: A-XXX/YY, no que a A: identifica que é unha mostra de agricultor, XXX e o número correlativo da mostra de ese tipo e YY son os últimos díxitos do ano en curso. Da toma de mostras deixase constancia no informe de auditoría da plantación.

As mostras remítense ao laboratorio do Consello Regulador, quen emite o correspondente informe dos parámetros analizados.

Parámetros fisicoquímicos: suces reductores e materia seca

PROGRAMA DE CONTROL



Parámetros de calidade visual: Pel formada, ausencia de Xermolación, ausencia de Feridas, ausencia de verdeo e sarna profunda e sarna superficial, ausencia de deformacións, ausencia de podredume, ausencia de corazón oco ou negro, ausencia de manchas de ferro, ausencia de humidade e ausencia doutras variedades.

Para estas auditorías empregarase as listas de verificación de plantacións viventes en cada momento.

4.1.3. CONTROL NA RECOLLEITA

A recolleita levarase a cabo coa pel da pataca ben suberizada (tubérculos maduros).

Previamente, o agricultor terá que avisar ó Órgano de Control e Certificación do día que comezará a recolleita da plantación.

Anualmente farase un control do 25 % dos produtores, coincidindo cos mesmos aos que se lle faga a auditoría de seguimento.

As prácticas a seguir por parte dos agricultores son as recollidas no Prego de Condicións. Non se poderán mesturar patacas procedentes de parcelas inscritas nos rexistros do Consello Regulador, con outras que procedan de parcelas non inscritas, aínda que a variedade recolleitada e/ou o propietario sexan os mesmos.

O persoal auditor do Consello fará o control correspondente, comprobando que a recolleita faise conforme ó Prego de condicións da Indicación Xeográfica Protexida e das normas específicas que se podan aprobar para unha campaña determinada.

Os aspectos a comprobar son os seguintes:

PROGRAMA DE CONTROL



- As prácticas de manipulación seguidas, altura de caída dos tubérculos, recomendable máximo 35 cm.
- Remolque acondicionado para reducir o golpeo.
- O transporte dos tubérculos susceptibles de ser amparados pola IXP, dende o produtor ata o almacenista, debe realizarse en vehículos acondicionados e dotados con un sistema de carga e descarga que minimize os danos.

4.2.- CONTROL SOBRE ALMACENS/ PLANTAS ENVASADORAS

O rexistro de almacéns e plantas envasadoras tense que renovar cada 4 anos, para o cal teñen a súa disposición nas oficinas do Consello Regulador e na súa páxina Web o formato: Solicitud de inscripción/renovación no Rexistro Almacéns e Plantas envasadoras (FPOC-04/02). O Dito formato tamén se poderá usar cando teñan que actualizarse ou modificar algunha información.

No modelo FPOC-04/02 deberán figurar os seguintes datos:

- Subzona de produción
- Datos do propietario ou representantes: nome, NIF e dirección completa, no caso de sociedades esixirase a documentación acreditativa da sociedade
- Denominación ou razón social da empresa, CIF e domicilio legal.
- teléfono e Fax
- localidade e concello no que estean situadas as instalacións.
- sistema e capacidade de almacenaxe
- número e capacidade dos almacéns
- descrición do sistema, maquinaria e capacidade de envasado
- data e firma do solicitante
- Cantos outros datos sexan necesarios para a cualificación, localización e correcta identificación das plantas envasadoras.

PROGRAMA DE CONTROL



- Identificación do resto de documentación incorporada
 - a. Ca solicitude de inscrición xúntase planos ou esbozos acotados da situación, planta a escala convinte, onde se reflectan todos os detalles significativos da construción e instalacións, cunha breve descrición delas.
 - b. Fotocopia do número de rexistro de Industrias Agrarias y de rexistro sanitario de funcionamento
 - c. O orixinal da Solicitude será remitido ao Órgano de Control do Consello para a súa avaliación.

4.2.1. AUDITORÍA INICIAL

Trala solicitude de inscrición, realizarase unha revisión da documentación presentada, co obxecto de garantir que:

- O modelo de solicitude está correctamente cumprimentado, inclúe toda a información necesaria, ten achegado o resto da documentación que se lle solicita
- O Compromiso do cumprimento dos requisitos de certificación está firmado polo solicitante

Despois procédese a Planificación da Auditoría Inicial de carácter presencial.

O Auditor asinado para a realización da Auditoría Inicial, realizará unha visita as instalacións da planta envasadora onde comprobará a veracidade dos datos da Solicitude, así como o cumprimento ou capacidade de cumprir cos requisitos específicos do prego, que se recolleran na Lista de Verificación de auditoría Inicial a plantas envasadoras LV-04:

- A localización da empresa e dos almacéns correspondese coa dada na solicitude.

PROGRAMA DE CONTROL



- O acondicionamento dos locais e acorde coas esixencias do regulamento e da lexislación de aplicación. Antes do almacenamento, o local que acollerá a pataca debe estar limpo e desinfectado. Os locais han de estar ben ventilados, frescos, sen humidade e en condicións de semioscuridade.
- Os medios e maquinaria son adecuadas para a manipulación e envasado da pataca.
- O número e capacidade dos almacéns son os establecidos.
- Cumprimento ou capacidade de cumprir unha sistemática de autocontrol do produto para asegurar que cumpre cos requisitos establecidos no prego de condicións.
- Outros datos que o CONSELLO REGULADOR considere de interese.

En todo caso antes de proceder a envasar produto susceptible de ser amparado pola marca de conformidade realizarase unha toma de mostras para comprobar que o produto cumpre as características técnicas establecidas no prego regulador. Para estas auditorías empregarase as listas de verificación de almacéns e plantas envasadoras vixentes en cada momento.

4.2.2. AUDITORÍA DE SEGUIMIENTO

Na auditoría anual as plantas de almacenamento e envasado faranse as seguintes comprobacións:

- Compróbase que o almacén cumpre coas condicións de humidade, iluminación e temperatura adecuadas para a conservación da pataca.
- As partidas deberán estar separadas e identificadas por produtor e parcela, e separadas doutras patacas non amparadas pola Indicación Xeográfica Protexida.

PROGRAMA DE CONTROL



- A tódalas partidas que cheguen ao almacén, se lle cubrirá o correspondente volante de circulación (FPOC-04/09) ou documento sustitutorio, onde se recollen os datos do agricultor, da parcela e os quilos de pataca entregados, este traballo será realizado pola planta envasadora.
- Estes documentos serán revisados polos auditores, que comprobarán que se corresponden cos datos recollidos nos libros de rexistro de entrada (FPOC-04/08). Comprobando que os produtores dos que proveñen as patacas estean inscritos no Consello Regulador, as parcelas dadas de alta e que estes fixeron a correspondente declaración de sementeira. Os libros de rexistro terán que conter como mínimo a seguinte información: as cantidades e procedencia das patacas adquiridas, data de envasado, cantidades e números de contraetiquetas.
- Os rendementos máximos admitidos por parcela segundo sexa regadío ou secano establécense no Prego de condicións vixente do Consello regulador e son os seguintes: 35.000 Kg por Ha en parcelas de regadío e 22.000 Kg por Ha en parcelas de secano de pataca apta para comercializar.
- O Sistema de autocontrol do almacén o planta envasadora. O auditor comprobará que o almacén conta con un sistema de autocontrol que garante o cumprimento dos requisitos para o produto establecidos no regulamento. Considerase que terán que facer un mínimo de 1 analítica para determinar os sucres reductores e a materia seca, por produtor.
- Control do envasado.

Para estas auditorías empregárase as listas de verificación de almacéns e plantas envasadoras vixentes en cada momento.

Nos primeiros quince días de cada mes, os almacéns e plantas envasadoras, terán que remitir unha declaración onde se recollan os movementos do mes anterior, é suficiente

PROGRAMA DE CONTROL



cunha copia dos libros de control. O auditor terá que revisar todos os movementos dos libros de control da campaña.

4.2.3. AUDITORIAS PARCIAIS.

Dos almacéns e plantas envasadoras pódese facer Auditorías parciais, con ou sen Toma de mostras (mínimo 1 vez ao mes durante os meses da campaña), para comprobar aspectos concretos ou requisitos regulamentarios.

Nestas auditorías comprobáranse os seguintes aspectos:

- Comprobar si se está envasando pataca amparada, nese caso se supervisará o proceso e a trazabilidade dos lotes.
- Comprobar si o envase empregado está autorizado polo Consello Regulador así como a etiqueta comercial.
- Comprobar si levan a contraetiqueta identificativa da IXP e nese caso comprobar a súa trazabilidade.
- control dos volantes de circulación empregados ou documento sustitutorio.
- Comprobar os libros de control de rexistro de entrada e de control de envasado, se están adecuada e completamente cubertos.
- Comprobar o estado e mantemento da maquinaria e do almacén
- Comprobar o estado e conservación das patacas almacenadas
- comprobar si as patacas encóntranse identificadas por produtor e parcela e separadas doutras patacas non amparadas polo IXP
- Comprobar si existe produto envasado e cantidade, así como a correspondencia cos datos dos libros
- outros datos que o CONSELLO REGULADOR considere de interese en cada campaña

PROGRAMA DE CONTROL



Das actuación realizadas se deixa constancia na correspondente Acta de inspección, segundo o Formato FPOC-04/11, acompañada das listas de verificación parciais vixentes en cada momento (LV-03)

Recóllese como mínimo unha mostra por almacén e mes, dos que se lle fai a auditoría parcial, sempre e cando exista produto envasado. A recollida de mostras levarase a cabo conforme a Instrucción Técnica Inspección e Recollida de Mostras (IT-01).

A estas mostras contrólanse os seguintes parámetros: Os cales quedarán reflectido no formato FPRC-01/01

Parámetros fisicoquímicos: sucres reductores e materia seca

Parámetros de calidade visual: Pel formada, ausencia de Xermolación, ausencia de Feridas, ausencia de verdeo e sarna profunda e sarna superficial, ausencia de deformacións, ausencia de podredume, ausencia de corazón oco ou negro, ausencia de manchas de ferro, ausencia de humidade e ausencia doutras variedades. O calibre compróbase cunha malla metálica con retículos cadradas do tamaño axeitado, pola que de forma natural e máis axustada podan pasar as patacas segundo os calibres especificados no regulamento.

O resto de parámetros de calidade relativos a texturas, aspectos visuais, cor da carne, aroma, etc. recollidos no regulamento son propios da variedade kennebec, polo que non son obxecto de análise.

Todas as mostras serán identificadas con un código alfanumérico correlativo anónimo, da seguinte maneira: E-XXX/YY, no que a E identifica que é unha mostra de planta, XXX e o número correlativo da mostra de ese tipo e YY son os últimos díxitos do ano en curso

PROGRAMA DE CONTROL



Cada mostra consiste na recollida de tres bolsas, unha delas é para o análise por parte do Laboratorio do Consello Regulador, a segunda queda en posesión do operador, debidamente precintada e poderá facer uso dela se non está dacordo co resultado arroxado polo laboratorio do Consello. A terceira bolsa poderá usala o Consello regulador para confirmar a análise inicial, de estimalo convinte.

Resultados nas analíticas non conformes coas especificacións do produto serán motivo dunha non conformidade no informe de auditoria, segundo o que se establece no Procedemento POC-06: PROCEDIMIENTO PARA A CATALOGACIÓN e TRATAMIENTO DE NON CONFORMIDADES DE OPERADORES.

Previo ó envasado a planta envasadora terá que realizar unha selección, de forma que as patacas cumpran as tolerancias establecidas no regulamento da Indicación Xeográfica Protexida, e que se reflicten a continuación nas tolerancia de calidade:

- Patacas non acordes coas características mínimas: 6%. En todo caso non se admiten patacas atacadas por podremia seca ou húmida.
- Calibre: tolerancia do 5% en peso de tubérculos que non cumpran cos calibres establecidos.
- Terra e materias estrañas: 1%,
- 0 % en peso de variedades distintas ás amparada pola Indicación Xeográfica Protexida.

Tódalas partidas para ser amparadas pola IXP deben ter un contido mínimo do 18 % de materia seca e un máximo de 0'4 % de azucres reductores. O calibre admitido para a comercialización como pataca de calidade son as de mais de 35 mm. Admitirase a comercialización de patacas entre 18 mm e o mínimo citado baixo a denominación de "Pataca miúda fora de Calibre" ou outra designación de venta equivalente.

PROGRAMA DE CONTROL



A homoxeneidade do calibre no é obrigatoria en aqueles envases de venda dun peso neto superior a 5 quilogramos . Nos envases de venda de peso neto inferior ou igual a 5 quilogramos a diferenza entre as unidades maior e menor non será superior a 35 mm.

Unha vez rematado o proceso de envasado da partida, o almacén terá que cumprimentar o correspondente libro de control de Envasado (FPOC-04/10).

8.- CONTROL EN PUNTO DE VENTA.

Durante a campaña tamén se realizan mostraxes aleatorios en puntos de venda, en un número mínimo de 10. Nestas visitas comprobaranse os seguintes aspectos:

- Que existe produto amparado, nese caso comprobarase as cantidades e a que prezo se está comercializando.
- Que marcas se están comercializando
- Comprobarase o uso correcto da publicidade de marca Patata de Galicia
- Tómase unha bolsa, na que se comprobará o uso do envase autorizado, etiqueta comercial utilizada e completa e o número de contraetiqueta empregada.

PROGRAMA DE CONTROL



9.- FORMATOS.

- FPOC 04/01: Solicitud de Inscripción en el Registro de Plantaciones.
- FPOC-04/02: Solicitud de Inscripción en el Registro de Almacenes y Plantas envasadoras.
- FPOC-04/03: Informe de Auditoría de productores
- FPOC-04/04: Informe de Auditoría de plantas envasadoras y almacenes
- FPOC-04/05: Certificado de Concesión del Derecho de Uso de la Marca de la I.G.P. PATACA DE GALICIA
- FPOC-04/06: Certificado de Inscrito en el registro de Plantaciones
- FPOC-04/07: Declaración de Sementeira
- FPOC-04/08: Libro de Registro de entrada
- FPOC-04/09: Volante de Circulación
- FPOC-04/10: Libro de control de envasado
- FPOC-04/11: Acta de Inspección.
- FPRC-01/01: Informe de ensaio.
- LV-01: Lista de Verificación Productores Primarios
- LV-02: Lista de Verificación Plantas Envasadoras.
- LV-03: Lista de Verificación de Auditorias parciais a Plantas Envasadoras.
- LV-04: Lista de Verificación de auditoría Inicial a Plantas Envasadoras